

Informe da Directora Xunta de Escola, 25 de maio de 2021

1 Actividades de representación

- 8 de marzo. Participación da Directora na mesa redonda “*Mujeres e Ingeniería*”, en representación da “Conferencia de Directores/as de Escuelas de Ingeniería de Minas y Energía de España” (en adiante CODEIME).
- 27 de marzo. Participación da Directora en representación do centro na mesa redonda “*Women In Engineering*” (WIE).

2 Reunións de traballo

- Reunións semanais da directora co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade e persoal do SPRL como responsable COVID do centro.
- 5 de marzo. Asistencia da directora á sesión informativa convocada polo Reitor a Decanos/as e Directores/as dos centros do campus de Vigo en relación á proposta de traslado de centros/titulacións á cidade.
- 8 de abril. Asistencia da directora á sesión informativa convocada polo Reitor a Decanos/as e Directores/as en relación ao mapa de titulacións G2030.
- 12 de abril. Asistencia de Iago Pozo e a directora á reunión de traballo cos representantes da “*Escuela Superior Politécnica do Chimborazo*” (Ecuador) para o desenvolvemento do convenio asinado entre as dúas Universidades.
- 13 de abril. Asistencia da directora á reunión co Director do IES Rosais II para o desenvolvemento de actividades de divulgación co centro.
- 16 de abril. Reunión de traballo coas persoas responsables de Igualdade no centro no curso 20/21 e 21/22 para o traspaso de responsabilidades.
- 21 de abril. Reunión da directora co Decano e Secretaria do Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Galicia. Acordouse a dotación do Premio ao Mellor Expediente do Grao ERME, a gratuidade do primeiro ano de colexiación para as persoas egresadas do 2020/21 e a posible dotación de bolsas de axuda ao estudo aos mellores expedientes de acceso ao Grao ERME.
- 18 de maio. Reunión de María Araújo coas persoas coordinadoras da realización das ABAU no centro.
- 15 de marzo, 16 de abril e 24 de maio. Asistencia da directora á reunión da CODEIME.
- 15 de marzo e 19 de maio. Asistencia da directora á reunión da Comisión Mixta do desenvolvemento do convenio entre CODEIME e a “*Real Academia de la Ingeniería*” (en adiante RAI) en calidade de Vicepresidenta da CODEIME.
- 29 de abril. Asistencia da directora á reunión do grupo de traballo para a elaboración do documento RAI-CODEIME sobre a profesión na enxeñaría de minas, enerxía e materiais.
- 19 de maio. Asistencia da directora á reunión convocada pola plataforma “*Minería Sostible*”, para activar o funcionamento da “*Comisión de Innovación e Sostibilidade*”.
- 19 de maio. Reunión da directora coa Delegación de Alumnado da Escola.

— 24 de maio. Asistencia da directora á Asemblea de CODEIME.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

3 Mobilidade

3.1 Erasmus +

O 25 de marzo do 2021 publicáronse as listas definitivas para Erasmus estudos 2021/2022. Hai dous alumnos seleccionados do Grao en Enxeñaría da Enerxía (Hochschule Flensburg e Karlstad University) e unha alumna do Máster en Enxeñaría de Minas República Checa-Universidade de Ostrava.

O 5 de abril do 2021 publicáronse as listas definitivas para SICUE (mobilidade nacional) para o 2021/2022 e foi seleccionada unha alumna para o Grao en Enxeñaría da Enerxía da UPC.

3.2 Convocatorias abertas

Está aberta a convocatoria de axudas do programa Erasmus+Prácticas para o curso 2021/2022 ata o 28 de maio da 2022 e a convocatoria de axudas no programa Erasmus+ KA103 para o PDI ata o 07 de xuño do 2021.

3.3 ERAMUS STAFF entrante

Iago Pozo reuniuse o 20 de xuño con representantes da Universidade Ovidius de Constanta e da Universidade de Petróleo e Gas de Ploiesti (Romanía), que trasladaron o seu interese en activar un convenio de mobilidade coa EME.

3.4 ERAMUS KA130 e KA131

O martes 18 de maio presentouse o proxecto HERDADE á convocatoria KA130- HED “*Erasmus accreditation for higher Education mobility consortia*”, co obxectivo de crear un consorcio entre os grupos do SUG que teñen liñas de investigación centradas en conservación do patrimonio cultural. A entidade coordinadora é a Escola de Conservación de Bens Culturais de Galicia. Pola Universidade de Vigo participan Teresa Rivas e Santiago Pozo do grupo GESSMin. Ademais de investigadores da USC e da UDC, figuran na proposta o CSIC e o Consello de Cultura Galega. Unida a esta proposta de creación de consorcio, pedíronse 24 mobilidades de persoal investigador, profesorado e estudantado.

3.5 ACORDOS BILATERAIS

Co obxectivo de empezar a traballar coa Escola Superior Politécnica de Chimborazo (en adiante ESPOCH)-Sede Morona Santiago (Ecuador), coa que se asinou un convenio de colaboración, celebrouse unha reunión o luns 12 abril, á que asistiron por parte da Escola Iago Pozo e a directora e por parte da ESPOCH Romané Peñafiel, directora da Sede Morona Santiago e Jenny Granxa, responsable do seguimento do convenio na ESPOCH.

Como parte das actividades vinculadas á execución do contido do convenio a Escola foi invitada a participar na celebración dos 49 anos ESPOCH o 4 de maio. A nosa participación supuxo a impartición das seguintes conferencias:

— Teresa Rivas: “*Aplicación del conocimiento de ingeniería de minas en la protección del patrimonio cultural*”

- Javier Taboada: “*Case Studies: Diseño de explotaciones. Estimación de reservas. Planes de restauración*”
- Elena Alonso: “*Mujer e ingeniería en el ámbito académico*”

Co obxectivo de realizar mobilidade de profesorado, investigadores/as e estudiantado, presentarase un proxecto KA107 con esta universidade.

3.6 Erasmus KA+107

Esta semana publicouse a convocatoria de mobilidade de profesorado (1 docente e unha semana) do programa ERASMUS KA+107 asociada ao proxecto entre a Escola e as Universidades chilenas: Federico Santa María e Universidade Católica do Norte.

Agradécese a Iago Pozo o seu labor de información e coordinación das actividades de mobilidade do centro.

4 Mentorización

Celebráronse dúas reunións dentro da programación de sesións mentor-a/mentees. Estas reunións celebráronse nas semanas do 8 de marzo e do 5 de abril.

Comezou a etapa de captación de mentor@s para o próximo curso 2021/22. A formación é gratuíta e complementase coa incorporación no equipo de mentorización durante o curso 2021/22. A inscrición rematou o pasado 23 de maio. Para máis información, pódese contactar coas persoas coordinadoras no programa na escola no mail eme.meet@uvigo.es.

Agradécese a Ángeles Saavedra a os mentores/as o seu traballo.

5 Traslado titulacións/centros á cidade

A directora informa sobre todo o proceso e a información da que dispón como directora do centro.

- 5 de marzo. Asistencia da directora á sesión informativa convocada polo Reitor a Decanos/as e Directores/as dos centros do campus de Vigo en relación á proposta de traslado de centros/titulacións á cidade.
- 7 de abril. Sesión informativa convocada polo Reitor aos membros da Xunta de Escola para informar sobre a proposta de traslado de titulacións/centros á cidade.
- O centro non recibiu máis información sobre este tema por parte da Reitoría ou Vicerreitoría competente. A directora informa de que se celebraron sesións de Consello de Goberno os días 12 de marzo, 29 de abril e 14 de maio e non se levou ningún punto da orde do día destas sesións. Na sesión do Claustro de 13 de abril houbo un punto sobre información e debate, pero non sobre toma de postura do claustro sobre este punto.
- Informa sobre os acordos dos Departamentos de Matemática Aplicada II (comunicado formalmente ao centro) e Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción (comunicado á lista de PDI), acordos que figuran como anexo a este acta.
- A directora sinala que a información dispoñible en relación as enquisas a alumnado de Bacharelato, persoas egresadas e comunidade universitaria (PDI, alumnado e PAS) é a comunicada nas listas de PDI e que non chegou ao centro máis información ou comunicación despois da sesión convocada polo Reitor o 7 de abril.

6 Igualdade

6.1 Celebración do Día Internacional da Muller

Desenvolvéronse os actos de celebración do Día Internacional da Muller 8 M no centro coa realización destas actividades:

Conferencia “*Minería con M de Muller*”, impartida por Luz Cerezo Álvarez, Enxeñeira de minas, Enxeñeira civil e Presidenta de “*Women in Mining*”, que versou sobre a situación actual da muller neste sector profesional.

Entrega dos premios do concurso MulleRme 2021

- 1º Premio: “*Miner@s 2*” por Christian Peña. Recolleu o premio a protagonista da fotografía. Foi tomada nun viaxe de estudiantado do máster en enxeñaría de minas en 2018 na planta solar térmica 360º de Gemasolar.
- 2º Premio: “*Perforista dentro de mina*” por Pedro José Martín. Recolleu o premio de forma telemática a protagonista da fotografía María Pérez, traballadora no sector da minería subterránea como perforista, artillera e operadora de maquinaria de sostenemento.

6.2 Cine Fórum (in)VISIBILIDADE das MULLERES STEAM NA CINEMATOGRAFÍA

Desenvolveuse o Cine Fórum–(in)VISIBILIDADE das MULLERES STEAM NA CINEMATOGRAFÍA, coa emisión de 4 películas relacionadas con mulleres no ámbito da enxeñaría e o cinefórum conducido por Alfonso Castaño, experto en cinematografía e perspectiva de xénero. As películas que se emitiron foron:

8 de abril: “*Mercury 13*”

22 de abril: “*Hidden figures*”

de maio: “*Bombshell*”

A última sesión terá lugar o xoves, 3 de xuño: “*La mujer en la montaña*”

Agradécese a Teresa Rivas a labor de coordinación destas actividades.

6.3 Convenio WIM

A EEME está en trámites de asinar un convenio tipo coa asociación WIM Spain (asociación de mulleres no ámbito da minería e a industria) para poder levar a cabo actuacións conxuntas con perspectiva de xénero, entre elas, un programa de mentorización profesional.

Agradécese a Teresa Rivas o traballo realizado como Enlace de Igualdade do centro.

7 Actividades extracurriculares

Realizáronse as seguintes actividades de carácter extracurricular, de formación e orientación, dirixidas especificamente ao estudiantado do centro.

7.1 Cursos

- Curso “*Iniciación a PYTHON*”, impartido por Francisco Troncoso: 5, 6 e 12 de maio. 10 horas. 12 asistentes

- Curso “*Caracterización de discontinuidades mediante 3DPC*”, impartido por Adrián Riquelme, 19, 20 e 22 de abril, 6 horas. 7 asistentes.
- Curso “*Instalaciones fotovoltaicas de autoconsumo*”, impartido por David López: 26, 30 de abril e 3 de maio. 12 horas. 50 asistentes.

7.2 Conferencias

- 13 de maio. Sesión informativa impartida por Juan Carlos Morán, Decano do “Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos de Minas de GaliciaQ (COITMGA) sobre a profesión regulada de enxeñeiro/a técnico/a de minas, saídas profesionais e actividade do Colexio.

7.3 “I Campamento Xeología”

Esta actividade forma parte da oferta de Cursos de Extensión Universitaria, ofertada a público en xeral. A actividade recibiu unha dotación económica para a súa realización e terá lugar de 16 ao 20 de xullo en Palencia. O alumnado da Universidade de Vigo poderá validar os cursos de extensión universitaria por créditos ECTS como actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas de traballo do estudante. As persoas que pertencen á Comunidade Universitaria (alumnado, PAS e PDI) terán unha redución do 35% sobre o prezo de matrícula. O custo do curso para público en xeral é de 145,6 euros. Para membros da comunidade universitaria é de 94,64€. O prazo de matrícula é do 4 ao 17 de xuño.

Agradécese a Bienvenido Díez Ferrer o seu traballo na preparación desta actividade.

8 Divulgación

8.1 Noite Europea Investigadores/as

A Escola está a participar na Noite Europea dos/as Investigadores/as. Trátase dunha actividade coordinada pola UCC+i e que conta con dous tipos de actividades: (i) actividades pre-evento, a desenvolver nos meses anteriores á Noite e (ii) as actividades da propia Noite, que terá lugar o 24 de setembro de 2021. As actividades seleccionadas para participar nos pre-eventos son:

Benito Vázquez Dorrío coa actividade: *Física Recreativa* (conferencia no centro)

Raquel Pérez Orozco, *The Science game* (seminario virtual)

Teresa Rivas Brea, *Recursos geolóxicos y pintura* (conferencia no centro)

Ana Larrañaga Janeiro, *Érase una vez un mundo de datos* (conferencia non presencial)

Iván Garrido González, *La visión infrarroja* (conferencia no centro)

María Pazo Rodríguez, *Materiales inteligentes* (conferencia no centro).

Volverase a abrir o prazo para que, aqueles que estean interesados/as, poidan ofrecer as súas charlas e/ou talleres.

8.2 Conferencias nos IES

Fecha	Centro	Charla	Curso	Número asistentes	PDI participante
03-mar-21	IES Ribeira do Louro (O Porriño)	Física Recreativa: Óptica	2º bach	6	Benito Vázquez

05-mar-21	IES Iago de Antela (Xinzo de Limia)	Física Recreativa: Interferencia	4º ESO	22	Benito Vázquez
08-mar-21	IES Antón Alonso Ríos (Tomiño)	Física Recreativa: Interferencia	1º bach	32	Benito Vázquez
09-mar-21	IES Perdouro (Burela)	Física Recreativa ON LINE	2º bach	14	Benito Vázquez
09-mar-21	IES Terra de Trasancos (Narón)	Física Recreativa ON LINE	2º bach	28	Benito Vázquez
10-mar-21	Colegio Mariano (Vigo)	Física Recreativa: Interferencia	1º e 2º bach	50	Benito Vázquez
12-mar-21	IES do Castro (Vigo)	Física Recreativa: Interferencia	1º e 2º bach	28	Benito Vázquez
12-mar-21	IES Pazo Mercé (As Neves)	Materiais intelixentes	4º ESO	25	Raúl Figueroa
16-mar-21	IES As Cacheiras (Teo - A Coruña)	Física Recreativa	1º e 2º bach	75	Benito Vázquez
23-mar-21	IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)	Física Recreativa ON LINE	1º bach	20	Benito Vázquez
24-mar-21	IES Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)	Física Recreativa	1º e 2º bach	42	Benito Vázquez
25-mar-21	IES Pazo Mercé (As Neves)	Física Recreativa: Interferencia	1º bach e 4º ESO	24	Benito Vázquez
26-mar-21	IES A Xunqueira I (Pontevedra)	Información sobre as titulacións do centro	2º bach	33	Iago Pozo
26-mar-21	IES A Sangriña (A Guarda)	Física Recreativa: Interferencia	4º ESO	28	Benito Vázquez
26-mar-21	IES Lucus Augusti (Lugo)	Física Recreativa	1º bach	59	Benito Vázquez
06-abr-21	IES Félix Muriel (Rianxo)	Física Recreativa	4º ESO	-	Benito Vázquez
08-abr-21	IESP Fontem Albei (A Fonsagrada)	“Minerales de Galicia” “Aspectos medioambientales de explotación de recursos”	4º ESO 1º e 2º bach	38	Iago Pozo (2 charlas)
08-abr-21	IES Felix Muriel (Rianxo)	Física Recreativa	1º bach	-	Benito Vázquez
12-abr-21	Colegio plurilingüe Compañía de María (Vigo)	Física Recreativa	4º ESO	53	Benito Vázquez (2 charlas)
14-abr-21	IES Salvaterra de Miño	Física Recreativa	2º bach	27	Benito Vázquez
15-abr-21	Salesianos (Ourense)	Física Recreativa	2º bach	18	Benito Vázquez
16-abr-21	IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)	Física Recreativa	1º bach	54	Benito Vázquez
20-abr-21	Colegio plurilingüe Compañía de María (Vigo)	Física Recreativa ON LINE	2º bach	19	Benito Vázquez
23-abr-21	IES Perdouro (Burela)	Física Recreativa ON LINE	4º ESO	23	Benito Vázquez

23-abr-21	IES Politécnico (Vigo)	Física Recreativa	2º bach	40 o 60	Benito Vázquez
23-abr-21	Colegio Apóstol Santiago (Redondela)	“Recursos minerales de Galicia”	4º ESO	-	Elena Alonso
23-abr-21	Colegio Apóstol Santiago (Redondela)	“Recursos minerales de Galicia”	1º bach		Elena Alonso
23-abr-21	Colegio Apóstol Santiago (Redondela)	Información sobre as titulacións	2º bach		Elena Alonso
27-abr-21	Colegio Rosalía de Castro (Vigo)	Física Recreativa: Interferencia ON LINE	2º bach	12	Benito Vázquez
27-abr-21	IES Los Rosales II (Vigo)	Recursos minerales de Galicia	2º bach	12	Elena Alonso
29-abr-21	IES Virxe do Mar (Noia)	“Materiales inteligentes”	1º e 2º bach	25	Raúl Figueroa
30-abr-21	CPR Fogar de Santa Margarida (A Coruña)	Física Recreativa: Óptica geométrica ON LINE	2º bach	9	Benito Vázquez
30-abr-21	IES A Guía (Vigo)	Física Recreativa: Interferencia	1º e 2º bach	29	Benito Vázquez
05-may-21	IES Los Rosales II (Vigo)	“Aspectos medioambientales”	2º bach	10	Iago Pozo
06-may-21	IES Castela (Vigo)	Sesión informativa sobre as titulacións	1º e 2º bach	40	Elena Alonso
13-may-21	IES Pedro Florani (Redondela)	Sesión informativa sobre titulacións “Mujer e ingeniería”	1º bach	40	Elena Alonso (2 sesións)
13-may-21	Colexio O Castro (Vigo)	Charla sobre Enxeñaría de Minas e Enerxía	2º bach	30	Itziar Goicoechea

A EME premiou con *merchandising* da Escola a alumnado dos seguintes centros: IES de Cangas, CPI de Cova Terreña de Baiona e IES de Teis. O alumnado desde centros desenvolveu nos seus IES actividades de gamificación a partir das sesións realizadas polo profesor Benito Vázquez.

8.3 Xornadas Portas Abertas

22 de abril. Xornada para orientadores e profesorado IES e Bacharelato. Participantes: Elena Alonso e Santiago Pozo.

29 de abril e 6 de maio. Xornada para estudantado de IES e Bacharelato. Participantes: Elena Alonso, Santiago Pozo, María Araújo, Francisco Deive, Carmen Filgueira, Laura Iglesias, Belén Parente, Nuria Pinto, Andrea Blanco.

8.4 Feiras (participación presencial)

21 de maio 2021: Participación na Feira da Ciencia do Concello de Vedra (A Coruña). Asistiron Teresa Rivas e Enrique Alonso Villar. CPI Vedra: (2 sesións) con alumnado de 1º de ESO (30 alumnos/as en total).

25 de maio 2021: Participación na Feira da Ciencia do Concello de Vedra (A Coruña). Asistiron Santiago Pozo e Carmen Filgueira. CEIP Ortigueira: (2 sesións). Alumnado de 3º e 4º de primaria: 22 alumnos/as e de 5º e 6º de primaria: 16 alumnos/as.

24 de maio 2021: Participación na XOU - Xornada de orientación Universitaria da Universidade de Vigo. Participante: Santiago Pozo.

25 de maio 2021: Participación na XOU - Xornada de orientación Universitaria da Universidade de Vigo. Participante: Santiago Pozo.

8.5 Xeolodía

Enviouse material para entrega aos asistentes. O evento celebrouse os días 8 e 9 de maio de 2021.

8.6 Presentación a Premios

8.6.1 I Premios CSIC – Fundación BBVA de Comunicación Científica

A EME presentou o proxecto Aula Aberta á TecnoCiencia a este premio. Participantes (11): Ana Larrañaga, Iván Garrido, Santiago Pozo, Raquel Pérez, Teresa Rivas, Raul Figueroa, Bienvenido Diez, Elena Alonso, David Patiño, Francisco Deive, María Araújo.

8.6.2 Ciencia en Acción - Concurso Internacional de Ciencia

Os investigadores Ana Larrañaga, Raquel Pérez, Teresa Rivas e Santiago Pozo, presentaron a actividade “*The Science Games. Catching Fire*” ao concurso Ciencia en Acción.

8.7 Programa STEMBach

O 19 de marzo visitaron o centro os estudantes do IES A Paralaia que están a traballar no STEMBach do bienio 2020/22 con Raquel Pérez e David Patiño.

8.8 Aula Aberta TecnoCiencia

Estase a rematar o acondicionamento da Aula, e celebrarase un acto formal de inauguración nas próximas semanas.

8.9 Elaboración de material e recursos

Realizouse a gravación dun vídeo para animar ás mozas para estudar o grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Este vídeo é financiado pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria. Participaron no vídeo 4 egresadas dando o seu testemuño. Estase a elaborar dous vídeos mais, de cada unha das titulacións de grao do centro.

8.10 EME-PAKUXA 2021

Celebrouse o concurso o día 7 de abril. Nesta ocasión, o tradicional concurso contou con dous participantes, Mateo González, que se fixo co primeiro premio, e Antonio Ramos, do grao de Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais. O xurado estivo formado por Carmen Filgueira, María del Carmen Romo e David Patiño.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/alumnado-mide-sua-capacidade-improvisacion-oral-concurso-eme-pakuxa>

8.11 Prensa

O 16 de maio publicouse no Faro de Vigo a nova: “**Necesitamos especialistas en enerxía, materiais y recursos minerais**” para visibilizar a nosa Escola e o campo de traballo tanto do alumnado egresado como do persoal investigador do centro.

https://www.farodevigo.es/empresas-en-vigo/2021/05/15/necesitamos-especialistas-energia-materiales-recursos-51764325.html?utm_source=facebook

Agradécese a todas as persoas que participaron no desenvolvemento destas actividades o seu traballo e a Iago Pozo o seu labor de coordinación das actividades de divulgación.

9 Sistema Garantía Calidade

9.1 Re-certificación do Sistema de Calidade da Escola

O 5 de maio de 2021 recibíuse o informe provisional FAVORABLE da avaliación do SGIC do centro cara a renovación da certificación da súa implantación. Na sesión da Comisión de Calidade celebrada o día 24 de maio acordouse remitir escrito de alegacións co obxectivo de aclarar algunhas cuestións do contido do informe.

9.2 Formación profesorado

O 12 abril a Área de Formación e Innovación Educativa comunica a apertura do prazo de inscrición no curso “*Introdución á linguaxe Python para o docente universitario*” (Modalidade virtual) que cubre unha das propostas de accións formativas do centro (R3-PE02, Comisión de Calidade do 16 de decembro). O curso dará comezo o próximo 7 de xuño.

9.3 Enquisas de Avaliación Docente

10 maio. Posta en marcha do proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD), en modalidade en liña, do 2º cuadrimestre do curso 2020-2021 co obxecto de avaliar ao profesorado que imparte nesas materias polo menos 10 horas de docencia en grao ou 6 horas de docencia en mestrado. O prazo remata o 10 de xuño de 2021.

9.4 Enquisas de satisfacción do profesorado e do alumnado coas titulacións oficiais (graos e mestrados)

Ampliouse o prazo para realizar as enquisas de satisfacción coas titulacións do 31 de maio ao 30 de xuño. Poden cumprimentalas:

- profesorado que imparte docencia nas titulacións
- alumnado de grao que se matricula por primeira vez en terceiro curso
- alumnado de mestrado que se matricula por primeira vez no último curso

O acceso a aplicación "Enquisa de valoración da satisfacción das titulacións oficiais" e o seguinte: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/index.php?modulo=enquisasGrao>

Titulación	Grupo	Porcentaxe
GEE	Alumnado	24%
	Profesorado	29%
GERME	Alumnado	14%
	Profesorado	39%
MUEM	Alumnado	18%
	Profesorado	48%
CENTRO	Alumnado	20%
	Profesorado	36%

Agradécese a Guillermo García o seu traballo como Coordinador de Calidade do centro.

10 Procedementos administrativos e académicos

10.1 Participación Programa Maiores

Habilitouse o procedemento ata o 24 de maio para que o profesorado que queira ofertar as súas materias dentro do ciclo integrado do Programa de Maiores o faga. A oferta do centro concrétase en:

Materia	Grao	Prazas ofertadas	PROFESOR/A
G310511 - Concentración de menas	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	6	Teresa Rivas Brea
G310512 – Prospección e avaliación de recursos		6	Juan Ricoy
G310514 – Cartografía temática y teledetección		6	Patricia Liñares
G310611 – Rochas industriais e ornamentais		6	Fernando Delgado Marzo
G310701 – SIX e ordenación do territorio		6	Joaquín Martínez Sánchez
G310804 – Xeofísica, xeoquímica e xeotermia		6	Luisa Álvarez Zaragoza
G310704 - Obras subterráneas		6	José Santiago Pozo Antonio

10.2 Pausas activas

Estanse a realizar os mércores ás 13:00 horas, de 10 minutos de duración, no vestíbulo da Escola. Estas pausas son breves descansos durante a xornada laboral ou de estudo que, a través de diferentes técnicas e exercicios, axudan a reducir a fatiga e os trastornos osteomusculares, así como a previr o estrés e a mellorar o desempeño e a sensación de benestar. Realizáronse dúas e a última será o mércores 26 de maio.

10.3 Control e seguimento de casos COVID19 no centro

En relación aos casos COVID no centro, desde a última Xunta de Escola (3 de marzo), fíxose o seguimento de 4 casos, dos cales 1 foi positivo. O resto dos casos foron casos posibles ou compatibles que finalmente foron casos negativos, aínda que tiveron que facer corentena.

A directora lembra que non se pode acceder ao centro se teñen síntomas ou se ten que gardar corentena por caso confirmado ou posible e que é necesario informar destas circunstancias.

Agradécese ao profesorado das materias nas que houbo alumnado en corentena as facilidades que prestaron ao alumnado para seguir a docencia ou realizar probas de avaliación.

11 Infraestruturas e equipamento espazos docentes

No mes de abril recibíronse 10 ordenadores portátiles da Vicerreitoría de Planificación e Sustentabilidade, que permitiron substituír os equipos existentes no Aula de Graos, nos laboratorios M106 e Física. En breve renovarase tamén o equipo informático do laboratorio M103.

Incluíronse conexións HDMI para portátil nas mesas das aulas.

Realizouse unha nova sesión informativa en abril para utilizar as pantallas táctiles das aulas M212 e M108.

Revisáronse e arranxáronse todas as xanelas de aulas, laboratorios e despachos da escola.

Solicitouse unha bolsa para apoio dos servizos informáticos da EEME.

Agradécese a Francisco Deive o seu traballo como responsable de infraestruturas e AAEE.

12 Delegación de Alumando

12.1 Foro Tecnolóxico Emprego

Os días 3, 4 e 5 de marzo celebrouse o Foro Tecnolóxico de Emprego XXI en formato virtual. A Escola tivo un *stand* virtual durante os tres días. O *stand* ofertouse para que participaran empresas e entidades que colaboran habitualmente co centro:

- Cámara Oficial de Minería de Galicia
- “Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del Noroeste de España”
- ACLUXEGA
- ARIGAL
- “Colegio Oficial de Geólogos” (Delegación de Galicia)
- Colegio Oficial de Enxeñeiros/as Técnicos de Galicia

12.2 Conferencias ENMI

14 de abril. “Materiais magnéticos nanométricos”. Conferencia impartida por Verónica Salgueiriño.

21 de abril. “As xeotecnoloxías e a súa aplicación ó sector enerxético”. Conferencia impartida por Joaquín Martínez.

28 de abril. “Recursos minerais de Galicia”. Conferencia impartida por Pablo Núñez, Delegado do “Colegio Oficial de Geólogos” en Galicia.

5 de maio. “Industria 4.0: novidades e tendencias en robótica industrial e non industrial”. Conferencia impartida por Ignacio Armesto.

Agradécese o traballo realizado por Delegación de Alumnado na organización destas actividades e ao alumnado que participou no FTE.

12.3 Persoas egresadas

Juan Jesús Rico Fuentes, egresado do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, gañou un dos Premio Premios da convocatoria “Innovación Sostible da Cátedra Telefónica-UVigo” polo seu TFM no Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.